

## 🌊 mar nunha botella.



Con este experimento podedes facer unha botella que vos recordará o mar, é moi sinxelo; necesitades:

- Unha botella de plástico transparente
- Embudo
- Auga
- Colorante azul
- Aceite
- Area, cunchas, caracois, peixiños, etc (o que teñades pola casa e que vos recorde ao mar.

Enchede de auga a botella, sobre dous tercios, poñede colorante azul ( vale acuarelas, tinta, colorante alimentario.....) e axitade ben ata que a auga se tiña de azul, despois poñede area, cunchas ou o que queirades.

Por último enchede o resto de aceite vexetal.

Como a auga e o aceite non se mezclan creades un bonito mar dentro dunha botella, con olas e todo!!!

